



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 3/02/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 3/02/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o

Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

2.1 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.2 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO 2% DAS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO, ASÍ COMO DA MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DESTA CORPORACIÓN, RSPECTO DOS VIXENTES A 31/12/2021, EN VIRTUDE DO ESTABLECIDO NA LEI 22/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO.

2.3 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

2.4 PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA PARTICIPAR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1/2022, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

2.5 PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2022, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

2.6 PROPOSTA DE APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO TECNICO DE REHABILITACION DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE FISTERRA, CO NOVO ORZAMENTO E O COMPROMISO DE ASUMIR A NOVA ACHEGA MUNICIPAL.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2.7 MOCIÓN PRESENTADA POLA CONFRARIA DE PESCADORES DE FISTERRA, POLA SITUACIÓN XERADA EN TORNO Á EXTRACCIÓN DA MEXILLA E DO PERCEBE, PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE.

2.8 PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SERVIZOS URBANISTICOS.

2.9 RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

2.10 ROGOS E PREGUNTAS

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 2/12/2021, distribuída coa convocatoria.

Intervén o Sr. Benloch Rivas do grupo Popular, manifestando que no punto 9 de rogos e preguntas, na paxina 15, onde o voceiro do grupo Popular lle pregunta ao señor alcalde se non hai alternativa a Etical Animal? E o señor alcalde manifesta que se reduciu a factura considerablemente, incluso lle dixemos a xente que traia animais ao concello ..., debería dicir "incluso lle dixemos a xente que non traia animais ao concello ...".

O Secretario Accidental, advirte o erro e manifesta que foi un despiste mecanográfico, e que se fai constar nesta acta que na resposta do Sr. Alcalde-Presidente á pregunta do voceiro do grupo Popular sobre Etical Animals,

Onde di "..., incluso lle dixemos a xente que traia animais ao concello, ..."
Debe dicir "... incluso lle dixemos a xente que non traia animais ao concello, ..."

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 3/12/2021, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO 2% DAS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO, ASÍ COMO DA MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DESTA CORPORACIÓN, RESPECTO DOS VIXENTES A 31/12/2021, EN VIRTUDE DO ESTABLECIDO NA LEI 22/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO.

Intervén o Secretario – Interventor Accidental, manifestando que se trae este punto a consideración do pleno da Corporación, en base a que a Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2022, establece que no ano 2022, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Tamén establece que a masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima prevista no apartado dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais devengadas por dito persoal no ano anterior....

A mesma lei establece as contías referidas ao complemento de destino para o ano 2022 e con respecto ao complemento específico que, no seu caso, estea asignado ao posto que se desempeña, cunha contía anual que se incrementará na porcentaxe prevista no artigo 19.2,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

respecto da vixente ao 31 de decembro de 2021 sen prexuízo do disposto no artigo 19.7 da presente lei....

A vista do anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobación do incremento 2% previsto na Lei 22/2021, do 28 de decembro, con efectos de 1/01/2022, tanto nas retribucións do persoal funcionario como na masa salarial do persoal laboral ao seu servizo, con respecto aos vixentes a 31 de decembro de 2021.

2º) Para financiar este incremento retributivo será necesario realizar unha modificación de crédito na modalidade de Suplemento de Crédito.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde-Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

| | | EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS | | |
|--------------|-------------------|----------------------------|------------|------------|
| SECRETARIA | MENSUAL | XANEIRO | FEBREIRO | TOTAL |
| SOLDO | 1.214,39 € | 1.214,39 € | 1.214,39 € | 2.428,78 € |
| ANTIG | 233,70 | 233,70 € | 233,70 € | 467,40 € |
| C.D. | 951,46 | 383,19 € | 383,19 € | 766,38 € |
| C.E. | 1.912,05 € | 552,38 € | 552,38 € | 1.104,76 € |
| TOTAL | 4.311,60 € | 2.383,66 € | 2.383,66 € | 4.767,32 € |

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de tres mil seiscientos euros (3.600,00 €).

O Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións (grupo Popular), adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **tres mil seiscientos euros** (3.600,00 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de xaneiro e febreiro de 2022.

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA PARTICIPAR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1/2022, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Aprobada pola Deputación Provincial as Bases reguladoras do Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cunhas Bases que se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría – Intervención segundo se indica a continuación:

| | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS + Adicional 1/2022 | |
| Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios | |

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS | PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B) |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|-------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencias ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. (As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €) | 19.679,97 € | | |
| f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas | 10.000,00 € | | |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 29.679,97 € | | |
| h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e | | | |



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

| | | | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|--|--|
| calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. | | | |
| (A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios) | 10.000,00 € | | |
| SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTOS | 10.000,00 € | | |
| TOTAL | 39.679,97 € | | |

2º) Facultar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º) PROPOSTA DE RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2022, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Vista a resolución da alcaldía número 37/2022 de 31/01/2022 pola que se acorda aceptar as bases e adherirse ao Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios Municipais no ano 2022.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda ratificar a resolución da alcaldía número 37/2022, de 31/01/2022, co seguinte contido:

“Logo de ver a convocatoria do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2022 (FOPSS/2022) publicadas no BOP número 2 de 4/01/2022, esta alcaldía acorda:

1º) Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen, publicadas no BOP número 244 de 24/12/2021.

2º) Adherirse ao Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022 de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado xunto coa solicitude, e que de seguido se indica:

A. DETALLE ORZAMENTO E FINANCIAMENTO MÓDULOS I, II E III

| Módulo e persoal subvencionado | Natureza da súa vinculación laboral | Tipo de Xornada | Orzamento (Retrib. Brutas e seguros sociais) | Achega Xunta | Outras achegas | Achega Deputación SOLICITADA | Achega municipal |
|---------------------------------------------|-------------------------------------|-----------------|----------------------------------------------|--------------|----------------|------------------------------|------------------|
| Módulo I. Persoal administrativo (C1 ou C2) | Persoal laboral temporal | XC | 20.887,81 € | 0,00 € | | 18.000,00 € | 2.887,81 € |
| Módulo I. Persoal administrativo (C1 ou C2) | | | | | | | 0,00 € |
| Modulo II Técnico A2 | | | | | | | 0,00 € |
| Módulo II | | | | | | | 0,00 € |

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

| | | | | | | | |
|-----------------------------------------|--------------------------------|---------|-------------|--|--|-------------|------------|
| Técnico A2 | | | | | | | |
| Módulo II Técnico A2 | | | | | | | 0,00 € |
| Módulo III Técnico A1 | Persoal laboral temporal | 96,40 % | 29.416,50 € | | | 25.064,00 € | 4.352,50 € |
| Módulo III Técnico A1 | | | | | | | 0,00 € |
| Módulo III Técnico A1 | | | | | | | 0,00 € |
| TOTAL SOLICITADO MÓDULOS I, II E III | | | | | | 43.064,00 € | |

B. DATOS DA SOLICITUDE DO MÓDULO IV PARA O FINANCIAMENTO DO SAF LIBRE CONCORRENCIA**DATOS DO CONCELLO QUE FIGURAN NA BASE 13**

| | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Horas de servizo que figura na base 13 da convocatoria | 1934 |
| Importe da achega para o SAF BÁSICO libre concorrencia que figura na base 13 da convocatoria | 23.208,00 € |

PREVISIÓN DA EXECUCIÓN DO SERVICIO SAF LIBRE CONCORRENCIA

| | |
|-------------------------------------------------------------------|------|
| Horas que se prevén prestar no SAF BASICO libre concorrencia | 1934 |
| Incremento de horas sobre as que figuran na base 13 | |
| Redución de horas respecto ás previstas nas bases da convocatoria | |

| | |
|-------------------------------------|-------------|
| IMPORTE SOLICITADO MODULO IV | 23.208,00 € |
| IMPORTE MINIMO A CONCEDER MÓDULO IV | 23.208,00 € |

| | |
|----------------------------------------------|-------------|
| C. TOTAL ACHEGA SOLICITADA FOPPSS/2022 (A+B) | 66.272,00 € |
|----------------------------------------------|-------------|

6º) PROPOSTA DE APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO TECNICO DE REHABILITACION DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE FISTERRA, CO NOVO ORZAMENTO E O COMPROMISO DE ASUMIR A NOVA ACHEGA MUNICIPAL.

Co obxecto de unir ao convenio de cooperación do Concello de Fisterra coa Deputación Provincial coa finalidade de cofinanciar as obras de Rehabilitación do Pavillón Polideportivo Municipal, cunha achega da Deputación Provincial de cento cincuenta e dous mil douscentos corenta e catro euros e oitenta e nove céntimos (152.244,89 €).

Visto o proxecto técnico para a rehabilitación do polideportivo municipal de Fisterra, de data xaneiro de 2022, realizado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto técnico para a rehabilitación do polideportivo municipal de Fisterra, de data xaneiro de 2022, realizado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405, cun orzamento total de contrata de dous centos doce mil oitocentos vinte e oito euros e sete céntimos (212.828,07 €).

2º) Asumir o compromiso de achega municipal por importe de sesenta mil cincocentos oitenta e tres euros e dezaioito céntimos (60.583,18 €)



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

7º) MOCIÓN PRESENTADA POLA CONFRARIA DE PESCADORES DE FISTERRA, POLA SITUACIÓN XERADA EN TORNO Á EXTRACCIÓN DA MEXILLA E DO PERCEBE, PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE.

Dada conta da moción presentada pola Confraría de Pescadores de Fisterra co seguinte contido:

“A Confraría de Pescadores de Fisterra, ante a situación xerada en torno á extracción da mexilla e do percebe, diríxese ao Concello de Fisterra e estima elevar a seguinte MOCIÓN para o seu debate con carácter de urxencia en Pleno da Corporación, e para a súa aprobación, se procede, baixo a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O percebe é un dos produtos que xeran imaxe para o mar de Galicia, tanto polo seu valor culinario como pola súa capacidade para difundir os valores da dedicación e esforzo das persoa que o extraen, cargado de risco e tradición e tamén de rigorosidade na súa explotación, amparada desde hai anos por plans de explotación aprobados pola iniciativa e proposta do propio sector, e que constitúen, ao probado por un estudo da Universidade de Vigo, a actividade extractiva mariña máis sostible de Europa.

Nos últimos anos xerouse unha discrepancia, ás veces grave, en torno á compatibilidade da extracción do percebe e da mexilla, vinculada ao acceso e actividade dalgúns extractores da cría do mexillón en zonas onde o percebe acada alta calidade e, por tanto, alto valor comercial, sendo obxecto de coidados e planificación extraordinaria por parte das confrarías para poder ser explotado nas mellores e máis produtivas épocas do ano.

A necesidade, legal e biolóxica, que os extractores de mexilla teñen de deixar as pedras limpas ao rematar a súa actividade supón, nalgúns áreas da costa, unha práctica incompatible coa fixación de percebe, polo que en moitas ocasións e nalgúns tramos de costa trae consigo unha incompatibilidade manifesta que pode danar a explotación do percebe.

Cabe lembrar que a extracción do percebe xera en Galicia máis de 1.050 empregos, tendo esta actividade un papel clave na socioeconomía da pesca e marisqueo, ao ser o complemento económico que fai netamente rendibles moitas embarcacións de pesca costeira artesanal e que supón o ingreso principal e básico, e incluso único, para moitas outras persoas que extraen este recurso a pé, xerando un modelo único na redistribución e expansión económica dos ingresos.

Con iso, e sabendo da situación do noso sector local, é doadamente deducible que calquera dano ao recurso, especialmente naquelas zonas máis rendibles, pode xerar efectos negativos irreversibles en moitas áreas da nosa costa, que coinciden na meirande parte dos casos con zonas onde existen alternativas laborais a esta actividade escasas u inexistentes. Amais, esta acción da extracción de mexilla en zonas altamente sensibles pode supor un desequilibrio ecolóxico para o conxunto da actividade.

O sector pesqueiro e percebeiro desta confraría non se opón á extracción da mexilla, máis entendemos que esa ha de ser regulada e trazada de forma máis efectiva, e que ha de respectar os esforzos dos percebeiros por sacar o mellor rendemento do seu traballo.

Este é o espírito tamén recollido no Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, e que foi ratificado pola sentenza 415/2021, da sección segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o recurso interposto por varias entidades representativas de bateiros.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Entendemos que esta situación de discrepancia debe e pode ser resolta coa debida negociación entre as partes, que xa se intentou en novembro e decembro de 2020, pero na que non caben nin desplantes nin coaccións a esta parte, xa que se debe respecto ás confrarías e ás súas federacións en canto a que representan a un sector clave en moitas economías locais e no xeral de Galicia como é o da frota de baixura e litoral e ao marisqueo, que por xunto facturan máis de 119 millóns de euros e que realizan unha actividade plenamente sostible, tal é como acredita a Sustainable Fisheries Partnership, cando apunta a que Galicia é exemplar en pesca artesanal e que formula un modelo exportable a todo o mundo.

Por todo o descrito, propónse a adopción do seguinte ACORDO no que o Pleno da Corporación de Fisterra estima:

1º) Amosar o seu apoio ao colectivo percebeiro integrados nas entidades con sede no termo municipal, ante a situación de discrepancia xurdida en relación á extracción de percebe e mexilla e ante as desconsideracións vertidas cara ao seu traballo e labor organizativo.

2º) Demandar o establecemento dun proceso de negociación e diálogo no que se manteña o respecto cara ao sector percebeiro, e no que se procuren fórmulas para que ambos colectivos poidan desenvolver a súa tarefa extractiva con compatibilidade e observancia mutua cara a sostibilidade da actividade dos percebeiros e bateiros”.

- Intervén Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que cando se sacou o decreto os bateiros foron ao contencioso e perderon. O percebe é un produto que hai que coidar pero os bateiros tamén teñen dereito a traballar.

- Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que estamos totalmente de acordo co contido da moción. Intentouse mediar para que os bateiros se puxeran en contacto cos percebeiros, coa finalidade de chegar a un acordo, para que foran os propios percebeiros os que quitaran a mexilla, pero non frutificou. Nós temos moi claro a quen temos que apoiar.

- Intervén o Tenente de Alcalde, Sr. Xán Carlos Sar Oliveira, manifestando que nós imos apoiar a moción, pero esta moción chega tarde a pleno xa que este conflito leva un par de meses xa. Na provincia de Pontevedra estaban a presentar mocións no sentido contrario. Aquí en Fisterra, non creo que haxa tampouco problema, xa que a Confraría non fixo ningunha petición para delimitar a extracción de mexilla, xa que teñen un acordo cos bateiros e recollen a mexilla os percebeiros de aquí.

Tamén hai un acordo do plenario do Parlamento Galego, onde se lle insta á Consellería que volva a xuntarse con ámbolos dous sectores, aínda que cando o intentou os bateiros se levantaron das negociacións.

Acto seguido o Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Prestarlle a súa aprobación ao contido íntegro da Moción presentada pola Confraría de Pescadores de Fisterra.

2º) Notificar este acordo á Confraría de Pescadores de Fisterra, para o seu coñecemento e demais efectos.

8º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANISTICOS.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o Secretario – Interventor accidental, manifestando que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 2/12/2021 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, e someter este expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O anuncio de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio de 2022 foi publicado no BOP número 235 de 13/12/2021.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2021/999/00000794 (RTE) de 15/12/2021, José Ramón Lema Fuentes presenta escrito no que solicita que se lle entregue copia da Memoria e Informes sobre o expediente en cuestión.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2022/999/00000006 (RTE) de 4/01/2022, José Ramón Lema Fuentes presenta escrito no que reitera que se lle entregue copia da Memoria e Informes sobre o expediente en cuestión.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2022/999/00000009 (RTE) de 4/01/2022, José Ramón Lema Fuentes presenta escrito no que solicita que o contido integro da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de servizos urbanísticos aprobada polo Pleno da Corporación, sexa publicada no PORTAL DE TRANSPARENCIA antes de que finalice o prazo de exposición ao público para que poda ser examinada.

Mediante resolución da alcaldía número 7/2022, de 7/01/2022, desestimase a petición de acceso documental formulada por José Ramón Lema Fuentes, significándolle que o expediente relativo á aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal analizada, pode consultarse durante o período de exposición pública e nos termos establecidos no Anuncio publicado nas dependencias do Concello de Fisterra - Intervención, así como no portal web municipal. A notificación desta resolución foi aceptada polo destinatario o día 7/01/2022.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2022/999/00000016 (RTE) de 7/01/2022, José Ramón Lema Fuentes presenta escrito no que solicita certificación expedida por secretaria acreditativa de por quen foi emitido o informe xurídico que a Alcaldía fai seu para ditar a resolución notificada.

Mediante o Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, co número 2022/999/00000073 (RTE) de 25/01/2022, José Ramón Lema Fuentes presenta RECLAMACIÓN contra a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos aprobada polo pleno da corporación na sesión de 2/12/2021.

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Desestimar a reclamación formulada por José Ramón Lema Fuentes, contra a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, en base a que o expediente axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais.

2º) Aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, coa seguinte redacción:

“Artigo 5 . cota tributaria

2) Licenzas de primeira ocupación / apertura / funcionamento:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

c) Edificacións ou locais con instalacións comerciais, industriais, hoteleiras ou hostaleiras: 1 € por cada m2 ou fracción.

10) Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito impositivo desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes destas tarifas, esixirase unha taxa mínima de 50 €”.

3º) Ordenar a publicación deste acordo definitivo co texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello (https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/g)

4º) Notificar este acordo aos interesados que presentaron alegacións durante a información pública, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

9) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2021/G003/00000417 de 29/11/2021 ata a número 2022/G003/00000041 de 1/02/2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Fóra da orde do día, declarado de urxencia, ratificada a mesma por unanimidade dos asistentes.

A) SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA – ANO 2022

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que vista a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, tráese a consideración do Pleno da Corporación a proposta de participar xunto co Concello de Corcubión na referida convocatoria.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Presentar xunto co concello de Corcubión, a solicitude de Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2022, coa finalidade de que se financie este servizo cunha subvención de quince mil euros (15.000,00 €), en base á seguinte xustificación de gasto:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|-------------------------|-------------|
| 640 – Soldos e Salarios | 22.140,72 € |



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

| | |
|---------------------------------------------|--------------------|
| 642 – Seguridade Social a cargo da entidade | 7.093,80 € |
| TOTAL | 29.234,52 € |

2º) Nomear como persoa representante perante a deputación da Coruña para os efectos de tramitación da subvención ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fisterra, D. José Marcote Suárez, con NIF: 76.346.593-W.

3º) Designar ao concello de Fisterra para que sexa o que tramite a solicitude da subvención, presente a documentación para a xustificación e pagamento da subvención e para recibir o importe da achega provincial.

B) SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTE – ANO 2022

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que vista a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte durante o ano 2022, tráese a consideración do Pleno da Corporación a proposta de participar na referida convocatoria.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Presentar a solicitude de Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022 (FO106/2022) publicado no BOP do 10/08/2021, coa finalidade de que se financie este servizo cunha subvención de dez mil euros (10.000,00 €), en base á seguinte xustificación de gasto:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---------------------------------------|--------------------|
| Soldos e Salarios | 18.598,13 € |
| Seguridade Social a cargo da entidade | 5.949,99 € |
| TOTAL | 24.548,12 € |

2º) Facultar ao Sr. Alcalde - Presidente para que en nome e representación deste concello proceda á sinatura de todos os documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

C) SERVIZO MUNICIPAL DE CULTURA – ANO 2022

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que vista a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura durante o ano 2022, tráese a consideración do Pleno da Corporación a proposta de participar na referida convocatoria.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Presentar a solicitude de Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022, publicado no BOP do 28/01/2022, coa finalidade de que se financie este servizo cunha subvención de dez mil euros (10.000,00 €), en base á seguinte xustificación de gasto:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---------------------------------------|--------------------|
| Soldos e Salarios | 18.598,13 € |
| Seguridade Social a cargo da entidade | 5.949,99 € |
| TOTAL | 24.548,12 € |



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Facultar ao Sr. Alcalde - Presidente para que en nome e representación deste concello proceda á sinatura de todos os documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

10) ROGOS E PREGUNTAS

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Realizouse algunha xestión con Costas sobre o Paseo Marítimo de Sardiñeiro? Hai zonas nas que está en moi mal estado e como veña mal tempo, esta situación pode empeorar.

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) manifesta que si, que houbo xestións con Costas, pero a solución está tardando en chegar. É un procedemento máis largo do que cría, polo que imos ter que facer nós algunha actuación, como pode ser unha pequena escollera con pedra, para que a auga non leve todo o que está debaixo das madeiras do Paseo Marítimo, e pedirlle autorización a Costas.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿Porque non hai auga no lavadoiro de Sardiñeiro?.

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG), manifesta que é a primeira noticia que teño.

-A Concelleira do grupo Popular Sra. Jenifer Suárez Silva manifesta que se variou o cauce e a auga xa non vai polo lavadoiro. Hai que devolverlle o cauce de auga ao lavadoiro.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿No pleno de decembro de 2021 preguntamos a que se debía a factura de Carpa Pontevedra, e quedou pendente de respostar con maior seguridade no vindeiro pleno. Temos hoxe esa resposta?

- O Sr. Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que esa factura correspóndese coa carpa que facía de backstage do artista Xabier Díaz na festa folk.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta: ¿a baixada e o aparcamento da rúa da Pontella está en moi mal estado, non se pensa arranxar esa zona?

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) manifesta que había un problema de titularidade. Agora xa temos claro o tema da titularidade, xa que existe un convenio de cesión que está legalizado mediante documento notarial e rexistrado. O seguinte paso é facer un deslinde que separe a propiedade pública da propiedade privada. Unha vez realizado este deslinde actuaremos sobre a propiedade pública.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:40 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.